

Silueta alada

Ramsés Pérez



De esquerda a dereita, as siluetas dunha carriza e duns lavancos (arriba); dun miñado, dun subidor e dun moucho (abaixo) · Ramsés Pérez

Sabemos de aves máis do que pensamos. Cando alguén me comenta que lle gustaría coñecer máis sobre aves pero que apenas identifica unhas poucas especies, sempre lle contesto que poñerlle nome a un paxaro é o de menos, o primeiro é gozar da súa compañía.

Certamente, a sociedade actual, co seu barullo e apuro, non dá pé a desenvolver un achegamento profundo á avifauna, como sucedeu noutros tempos. Traemos, para tal fin, un artigo que dá algunhas claves para saber máis sobre as aves e, ao tempo, poder identificarlas pola súa forma.

Á hora de achegármonos a elas, podemos facelo polo seu canto, pola observación, etc. Porén, esta última, ás veces, pode ser complicada ou estar condicionada por factores como a luz ou a distancia. Nestas situacións, identificar as aves pola súa silueta e tentar recoñecelas pola forma do seu corpo ou voo é tamén unha arte.

Calquera persoa, hoxe en día, recoñece a silueta da torre Eiffel, tamén unha torre nosa como a de Hércules ou un hórreo, por poñer uns cantos exemplos. Sucede outro tanto coa silueta dun lobo, dun ourizo e dun golfiño. Pois coas aves pasa o mesmo. A que se nos poñen o perfil dun galo e dunha galiña sabemos cal é cal? A que tamén distinguimos sen apenas luz o voo errático dun morcego?

Podemos clasificar en dous grandes grupos as siluetas, as das aves en voo e aquelas outras que están pousadas. E se prestamos atención a algunhas destas siluetas, seguramente nos decatemos de que sabemos máis de aves do que cremos. Polo seu perfil poderemos recoñe-

cer que especie estamos a observar: parrulos, garzas, aguias ou gaivotas. Despois, coa axuda dunha guía, se as condicións de observación melloran, teremos oportunidade de afinar na identificación.

En voo, seguro que sabemos diferenciar pola súa silueta entre unha aguia e unha cegoña, xa que nesta última destacan o longo peteiro e as patas sobresaíntes da cola. E entre as aves rapaces, seguramente non sexamos quen de identificarlas todas, pero si recoñezamos algunhas como o miñado, coas ás e a cola redondeadas, ou o falcón, neste caso con ás e cola afiadas. Outro tanto sucede cos voitreiros, que teñen grandes ás con forma case rectangular e con plumas que semellan dedos nos extremos das ás, que lles permiten planear e percorrer grandes distancias.

Non será tan doado distinguir polo voo pequenas aves, pero si pola súa forma. A cola ergueita da diminuta carriza diferencíaa perfectamente de calquera outro paxaro pequeno. O mesmo pasa co subidor común: o peteiro longo e curvo e a longa cola sempre pegada aos troncos polos que sube e baixa impide confundilo con outro pequeno paxaro. Se a ave está preto, aínda que estea a contraluz, podemos fixarnos se o peteiro é afiado ou redondeado, que xunto coa forma da cola fará máis doado distinguir un merlo dun estorniño, por exemplo.

E aínda que non poidamos apreciar na súa totalidade a cor da plumaxe, polo perfil estilizado do corpo e a cola bifurcada saberemos, sen dúbida ningunha, que as escuras andoriñas xa están aquí, e de novo, con elas, a primavera.